

Compostela, 19 de Xullo 2010

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia -

Dna. Pilar Rojo

Respeitada Sra. Presidenta

Esculca é un Observatorio de ámbito galego que traballa na defensa dos dereitos e liberdades públicas garantidos na Constitución e nos Tratados Internacionais. Teña a ben pois, recibir a nosa opinión sobre algo que atinxe, estatutariamente, o núcleo dos nosos obxectivos e traballos.

Referimo-nos ao feito de presentar V., o día 25 de Xullo, a Oferenda ao Apóstolo Santiago, como Presidenta do Parlamento galego, ben que sexa por delegación do Xefe do Estado. Leva-se a efecto nun templo relixioso católico, no meio dun acto litúrxico desa relixión. Referimo-nos a este feito, lonxe de facer avaliación algunha do contido das suas palabras no acto, que ademais descoñecemos.

Como ben sabe V., o Estado español é aconfesional: “Nengunha confesión terá carácter estatal”. A aconfesionalidade implica “un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa”, principio que veda “calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais”. Deste punto de vista, a neutralidade do Estado obriga-o a prohibir-se a si propia calquer concorrência, xunto dos cidadáns, en calidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso. Así consta na Constitución e así o declara o Tribunal Constitucional, garante final dos dereitos e liberdades públicas; entre eles o do dereito a liberdade relixiosa e da aconfesionalidade do Estado.

Pois ben, V. foi eleita e nomeada para exercer as funcións que lle atribuen as Leis. Igual dicemos dos outros lexítimos representantes ou titulares dos poderes públicos, mesmo do Xefe do Estado. Non cabe a menor dúbida que todas as potestades e funcións que ten atribuídas pola Constitución, o Estatuto de Autonomía e as Leis son exclusiva e

estritamente de carácter civil. Como tamén é certo que son os cidadáns, como tais, e non como crentes/non crentes, os que exercen a súa soberanía votando para a xestión das institucións públicas.

Non hai dúbida tampouco de que facer a Oferenda nun templo relixioso non entra nas obrigas derivadas de garantir a liberdade relixiosa, nen de cooperación coa Igrexa católica e outras confesións..

En consecuencia, achegamos-lle o que segue.

En primeiro lugar, a nosa séria e rigorosa crítica ao comportamento institucional da Presidencia do Parlamento na Oferenda. Non duvide de que, en troca, non teríamos en conta nunca, nen moito menos criticaríamos, o seu comportamento participando en calquer acto ou manifestación relixiosa a título persoal; ou non o facendo.

En segundo lugar, de admitir a seriedade, corrección e trascendencia desta crítica, esperamos exerza as súas potestades institucionais e posibilidades políticas para que doravante nengun membro do Parlamento de Galiza participe en actos ou manifestacións relixiosas en representación daquel ou do Estado.

Atentamente.

Por ESCULCA, o seu Presidente.

Fernando Martínez Randulfe